

Contas económicas trimestrais de Galicia. Revisión Estatística 2024

Resumo de resultados 28/02/2025

ÍNDICE

Introdución	1
Evolución do Produto Interior Bruto	1
Demanda	2
Oferta	2
Emprego	3
Definicións, fontes e más información	4

1. Introdución

As [Contas económicas trimestrais](#) son unha estatística de síntese de carácter convxuntural. O seu obxectivo primordial é proporcionar unha descripción cuantitativa e coherente do conxunto da actividade económica galega, mediante a elaboración dun cadro macroeconómico que ofrece o ritmo de crecemento do PIB galego e das súas compoñentes.

Esta actividade é unha réplica trimestral simplificada das [Contas económicas anuais](#) que, pola súa maior frecuencia de elaboración, permite o seguimento convxuntural da actividade económica. Estas estimacións axústanse aos mesmos principios de coherencia e equilibrio contable que as contas de frecuencia anual e, por conseguinte, ao marco do Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010). Pódese dicir que as Contas económicas trimestrais supoñen un compromiso entre o rigor e a amplitud das Contas anuais e a rapidez e oportunidade dos indicadores convxunturais.

As utilidades concretas das Contas económicas trimestrais de Galicia son as seguintes:

- Medir a evolución da economía no tempo de forma continua e coherente.
- Incrementar a calidade do sistema estatístico convxuntural.
- Dado o seu carácter sintético e integrador, identifica carencias, suxire cambios e propón un marco de referencia común, susceptible de utilización por estatísticas dispares.
- Permite estimar modelos econométricos trimestrais, útiles na análise de políticas económicas e na previsión.

2. Evolución do Produto Interior Bruto

O **Produto Interior Bruto (PIB)** xerado pola economía galega, medido en termos de volume encadeado e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, rexistra unha **variación interanual** do **2,9 %** no cuarto trimestre do 2024. A **variación intertrimestral** do PIB sitúase no **0,8 %**.

**Produto Interior Bruto (PIB) a prezos de mercado. Volume encadeado referencia ano 2020=100.
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Taxas de variación**

Unidade: porcentaxe

Dato	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV
Taxa de variación trimestre anterior	0,8	0,0	0,6	0,8	1,2	0,0	0,8	0,8
Taxa de variación interanual	3,4	1,4	1,8	2,2	2,6	2,6	2,9	2,9

3. Demanda

No cuarto trimestre do 2024 o gasto en consumo final aumenta un 1,4 % e a formación bruta de capital aumenta un 3,8 %.

As exportacións de bens e servizos presentan unha taxa interanual do 3,7 % e as importacións do 1,7 %.


Compoñentes do PIB pola vía da demanda. Volume encadeado referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario

Achega da demanda exterior e da demanda interna ao crecemento do PIB

Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/IV
Gasto en consumo final	1,4
Gasto dos fogares e ISFLSF	-0,4
Gastos das AA.PP.	6,3
Formación bruta de capital	3,8
Exportación de bens e servizos	3,7
Importación de bens e servizos	1,7



4. Oferta

O valor engadido bruto das **ramas primarias** no cuarto trimestre de 2024 rexistra unha taxa de variación interanual do **1,8 %**. Pola súa parte, o valor engadido bruto da **industria** varía un **-0,1%** e o do sector da **construcción** un **6 %**. O sector **servizos** rexistra unha taxa do **3,7 %**.


Compoñentes do PIB pola vía da oferta. Volume encadeado referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario

Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/IV
VEB. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	1,8
VEB. Industria	-0,1
VEB. Industria manufactureira	6,2
VEB. Construcción	6,0
VEB. Servizos	3,7
VEB. Comercio, transporte e hostalería	5,8
VEB. Información e comunicacions	3,0
VEB. Actividades financeiras e de seguros	2,3
VEB. Actividades inmobiliarias	4,3
VEB. Actividades profesionais	2,2
VEB. Administración pública, sanidade e educación	2,7
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,0
Impostos netos sobre os produtos	0,8

Evolución do valor engadido bruto por sectores



5. Emprego

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo, definidos como o número de horas traballadas entre a xornada media realizada en postos de traballo a tempo completo, aumentan un 1% con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo e horas efectivas. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Poboación	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	2,0	2,2	2,2	1,4	1,8	1,0	0,9	1,0
Horas traballadas	0,3	2,5	1,1	1,2	1,8	0,3	0,4	0,5

As horas traballadas aumentan un 0,5 % en taxa interanual.

6. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Oferta, demanda e rendas](#)
- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Emprego](#)
- [Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2024. Indicadores derivados](#)
- [Principais indicadores económicos de Galicia](#)
- [Matriz de revisións das taxas de variación do Produto Interior Bruto](#)